

# RESUMMO

*Memoria de  
Responsabilidade Social  
Universitaria  
2023*





Resumo memoria de  
**Responsabilidade**  
**Social Universitaria 2023**

Este resumo da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2023, curso académico 2022-2023, da Universidade de Vigo, busca relatar brevemente e dun xeito gráfico o contido do devandito documento.




## Datos básicos sobre estudiantado

Un 73,84 % dos matriculados no curso 2022/2023 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira de estas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.

A formación na UVigo pode complementarse cunha ampla oferta de cursos e obradoiros aos que pode acceder tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral.

Matriculados por rama de cofecimento 2022/2023      Estudiantado egresado por rama de cofecimento 2022/2023



Estudios propios 2022/2023	Cursos ofertados	Matriculados/as
Actividades de voluntariado e cooperación	2	54
Cursos de extensión universitaria	79	1509
Cursos de galego	13	314
Cursos de idiomas (ano2022)	73	1409
Diplomado/a de curso avanzado de posgrao	4	71
Diplomado/a de curso de formación universitaria	15	316
Programa de maiores	2	430
Título de especialista	3	63
Título de experto/a	1	9
Outros cursos	45	3047
<b>Total</b>	<b>230</b>	<b>7235</b>

Recursos externos captados	2023
Proxectos investigación A.X. Estado	11 603 650
Proxectos investigación A.C. Galicia	4 651 059
Convenios	489 596,69
Proxectos investigación europeos	12 908 238,52
Proxectos investigación Interreg	2 087 154,24
Facturación CACTI	192 267,58
Facturación ECIMAT	11 778,00
Facturación Citi	12 718,50
Facturación CINBIO	12 454,53 €
Contratación I+D	7 481 466,23
INOUE	59 000,00 €
INPO	63 200,00 €
<b>Total</b>	<b>39 572 583,29</b>
Orzamento UVigo (previsións iniciais)	227 915 618,00
%	17,36

## Investigación e transferencia

As principais magnitudes de investigación e transferencia poden verse nas seguintes táboas.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2023 foron dun 17,36 % do orzamento da UVigo (previsións iniciais). En canto a porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén do Estado, e da Xunta de Galicia.

Tamén foron solicitadas 14 patentes. Mentres que as concedidas foron 13, as patentes en explotación foron 10.

Grupos de investigación	Total
Grupos de investigación	170
Membros grupos de investigación	2 040
Mulleres membros	990
Investigadores/as principais	230
Mulleres Investigadora principal	88

Transferencia	Total
Patentes solicitadas no 2023	nacionais 2 internacionais 12
Patentes concedidas no 2023	nacionais 2 internacionais 11
Patentes en explotación a 31/12/2023	nacionais 6 internacionais 4
Patentes postas en explotación (2023)	nacionais 1 internacionais 0
Nº de patentes nacionais activas	223
Registro de propiedade industrial	2
Modelos de utilidade solicitados (2023)	0
Modelos de utilidade concedidos (2023)	0
Modelos de utilidade en explotación (2023)	0
Nº empresas start-up creadas (2023)	5

### Orientación ao alumnado

A Universidade de Vigo, a través do SIE, ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

Orientación ao alumnado	Totais
Consultas recibidas	1 991
Accións formativas desenvolvidas	9
Participantes en accións formativas	205

### Prácticas académicas

Durante o curso académico 2022/2023 aumenta o número de estudantes que realizaron prácticas académicas extracurriculares, aínda que diminúe o número de convenios asinados para realizalas.

Número de alumnos/as en prácticas	Curso 22/23
Extracurriculares	702
Curriculares	3 065
Nº de convenios	2 719


### Emprego

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2022/2023 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 368 ofertas de emprego.



### Mobilidade

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais.



### Beneficios sociais

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferente tipo que no ano 2022 deu como resultado a distribución e importe que pode verse nas táboas que se acompañan

	PTXAS	PDI	Total	% de mulleres
Excedencia para coidar familiares	0	0	0	0 %
Excedencia para coidar fillos/as	2	1	3	100 %
Excedencia voluntaria por agrupación familiar	0	1	1	100 %
Permiso por paternidade	6	41	47	100 %
Permiso por parto	1	31	32	100 %
Redución de xornada	32	2	34	94,12 %

Con cargo ao capítulo I		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Acción social	Sen convocar	Sen convocar
Complemento por IT	397	472 626,39 €
CPT	39	64 968,29 €
Gratificacións por xubilación anticipada	1	6079,50 €
Gratificación por xubilación	13	289 498,53 €
Indemnización non exenta	75	157 966,06 €
Prestación por accidentes	161	64 481,84 €
Prestación por enfermidade: 60 %	174	46 887,39 €
Prestación por enfermidade: 75 %	216	1 276 333,57 €

Con cargo ao capítulo VI		
Concepto	Persoas beneficiadas	Importe total
Complemento por IT	29	22 077,03 €
Indemnización non exenta	249	125.803,03 €
Prestación por accidentes	3	7669,65 €
Prestación por enfermidade: 60 %	18	3188,12 €
Prestación por enfermidade: 75 %	16	33 170,45 €

## Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que serven á nosa Universidade para mellorar a calidade do seu servizo público. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

Clasificación interna	QSP
Queixa	465
Suxestión	50
Parabéns	36
Non clasificable	182
Total	733

## Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2023 do 7,60 % respecto do ano anterior.

### Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2018-2023 (€)

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Ingresos (dereitos recoñecidos)	161 388 146,40	165 049 891,98	167 405 517,64	180 558 055,27	193 960 509,52	221 414 045,89
% variación anual	1,89 %	2,30 %	1,43 %	7,86 %	7,42 %	14,15 %

### Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2018-2023 (€)

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Gastos (obrigas recoñecidas)	164 126,69	169 720 773,30	170 681 126,09	175 131 206,38	180 980 048,67	197 117 035
% variación anual	1,89 %	3,41 %	0,57 %	2,61 %	3,34 %	8,92 %

## Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Son provedores locais os das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo. Estes facturan 16 214 360,30 € €, o que representa un 40,07 % do total. Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 48,11 % do contratado con provedores galegos.

### Exercicio 2023

Ámbito	Nº de provedores	Total facturado	% facturado
Local	1 326	16 214 360,30 €	40,07 %
Autonómico	349	3 253 228,95 €	8,04 %
Estatal	803	19 092 872,69 €	47,18 %
Estranxeiro	369	1 909 107,23 €	4,72 %
Totais	2 847	40 469 569,17 €	100 %

## Posición nas clasificacións

A universidade de Vigo tivo durante o ano 2023 o recoñecemento internacional dalgunhas das clasificacións universitarias máis relevantes.

### Ranking

Ranking	Posición
Ranking Shanghai (ARWU)	501-600
THE (Times Higher Education)	801-100
THE Impact	101-200

## Transferencia social e cultural

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral do noso alumnado. Na táboa que se acompaña poden verse a diversidade de actividades culturais e o número de asistentes ás mesmas.

Transferencia social e cultural	TOTAL	
	Actividades	Asistentes
Exposicións	19	6 896
Aulas e obradoiros	50	666
Cursos de extensión	13	347
Concursos (premios UVigo)	5	77
Coro universitario	21	6 050
Teatro e artes escénicas	29	7 220
Música	24	3 030
Proxeccións audiovisuais	60	3 720
Conferencias e mesas redondas	25	920
Totais	246	28 926

## Promoción do voluntariado e a cooperación

Durante o curso 2022/2023, 104 persoas participaron nas actividades de voluntariado nun total de 32 programas. O 68,27 % son mulleres, unha porcentaxe similar ao ano anterior. Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.


Voluntariado e cooperación	TOTAL	% Mulleres
Nº estudantes en accións de voluntariado	104	68,27 %
Nº de programas	32	

## Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice algún tipo de exercicio que contribúa a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Durante o curso 2022/2023, con respecto ao Abono Mover, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante número de actividades dirixidas, hai un total de 1 406 persoas usuarias, das cales un 37,75 % son mulleres.

Persoas usuarias abono Mover 2022-2023



## Compromiso coa lingua

A Área de Normalización Lingüística (ANL) encárgase de todas as labores de promoción e soporte técnico ao proceso de espallamento do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, consonte ao estipulado nos Estatutos da Universidade Vigo.

CURSOS 2022/2023	Matriculados/as	% mulleres
A calidade lingüística no teu TFG ou TFM	13	64,86 %
Avanza co galego	8	72,41 %
Ciclo de lingua e calidade	2	86,67 %
Corrección da escrita coas TIC	11	63,33 %
Curso de iniciación á lingua galega	12	74,47 %
Curso de linguaxe administrativa e xurídica (2 edicións)	14	75,44 %
Curso de redacción e estilo	9	60,87 %
Curso de xestión do multilingüismo nas aulas	5	54,55 %
Os erros máis frecuentes na lingua galega (2 edicións)	16	75,38 %
TOTAIS	90	71,34 %



Universidade de Vigo